

O escritor Miro Villar renuncia ao Faro Nerio

CARBALLO / LA VOZ

O escritor ceense Miro Villar renunciou, de maneira irrevogable, á recibir o Faro Nerio que lle outorgou a entidade Neria, e que será entregado, xunto ao resto de galardoados, nun acto que se celebrará en Muxía o vindeiro venres.

Nunha carta dirixida ao secretario de Neria, Xan García, e que onte deu a coñecer aos medios de comunicación, o autor pídelles a García que transmita o seu agradecemento aos membros do xurado. Cre que o feito de que se lembraran del ten que ver con que na súa obra aparecen a cotío aspectos relacionados coa comarca.

No entanto, anuncia que a súa renuncia a esta distinción débese aos «últimos acontecementos que afectaron á vida pública na Costa da Morte». Di que esa decisión está meditada, e ademais resúltalle «dolorosa, porque o presidente da entidade [Ramón Vigo] foi compañeiro meu de andaina escolar, e teño unha inmensa estima e unha alta valoración do seu labor no mundo da medicina e na investigación científica».

Villar di que a súa concepción persoal «alicérase na ética que debe ter a política como servizo público, pois a palabra grega *politikos* fala do ordenamento



Miro Villar, en Cee. XESÚS BÚA

da cidade e da cidadanía, e por esa razón nunca se pode admitir a invocación da presunción de inocencia para defender a responsables políticos que ocultan información e carecen de transparencia no seu comportamento e na súa acción de goberno».

Ao seu xuízo, a responsabilidade política debe de pasar necesariamente pola demisión «perante tan graves imputacións que corrompen o funcionamento das Administracións públicas. Por desgraza —engade— isto sucede poucas veces e son moitos os que non asumen responsabilidades provocando o desafec-

to na cidadanía cara á política, cando tamén hai outros moitos políticos que poden presumir de franqueza e honestidade».

Finalmente, Villar propón que se lle conceda un Faro Nerio ao xuíz Andrés Lago Louro, que foi o que dirixiu a investigación da operación Orquesta.

Pola súa banda, Xan García cree que «unha persoa do nivel de Miro Villar demostra pouca talla misturando este tema politicamente». Podería respectar, di, que fixese o seu argumento nunha carta a Neria, «pero dende o momento en que lla fai pública aos medios amosa a súa intencionalidade política. É preciso aclarar que quen lle dá o premio non é Vigo, é Neria, tras varias reunións, análisis, seleccións e deliberacións, valorando os seus méritos literarios».

García lamenta que «meta a Neria nun tema no que non ten nada que ver», e provócalle certa «risa» que propoña para un premio a quen non fixo nada pola zona. «Hai unha clara intencionalidade política para facerlle dano ao alcalde de Cee, a quen por certo si hai que respectarlle a presunción de inocencia nun proceso que aínda está baixo segredo sumarial. A actitude de Villar é inoportuna e improcedente, buscando notoriedade».